

Estimadas familias:

Segundo a RESOLUCIÓN do 5 de maio de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade a diversos acordos do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop), do 5 de maio de 2020

– **Acórdase restablecer o procedemento de admisión de alumnado** do 2º ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso académico 2020/21.

Prazo de presentación de solicitudes de admisión.

Empezará o día **11 de maio** de 2020 e **rematará o día 18** do mesmo mes.

Novos prazos do proceso:

- **Presentación da documentación** acreditativa dos criterios de **baremo: ata o día 26 de maio** de 2020.
- **Publicación das listaxes provisionais** do alumnado admitido e non admitido: **antes do 9 de xuño** de 2020.
- Poderanse formular **reclamacións** contra as **listaxes provisionais** no prazo de **3 días hábiles** contados **desde o seguinte ao da súa publicación.**
- **Publicación das listaxes definitivas** do alumnado admitido e non admitido: **ata o 26 de xuño** de 2020.
- **Formalización da matrícula** en educación infantil e primaria: **do 1 ao 10 xullo de 2020.**

A DIRECCIÓN DO CENTRO AGRADECE QUE SE TOMEN AS MEDIDAS DE SEGURIDADE RECOMENDADAS (uso de máscara, luvas e manter distancia de seguridade)

Soamente serán atendidos trámites administrativos. Para calquera consulta ou dúbida poden seguir contactando a través do correo do cole ou nos teléfonos 881-866551 -- 881.866552. Grazas.

Horario de Secretaría	Luns	10-14
	Martes	16-20
	Mércores	10-14
	Xoves	16-20
	Venres	10-14